# ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN CURSO 2019-2020

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

IES DE QUIROGA

# 3º ESO

**INDICE**

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**2. Avaliación e cualificación.**

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol ; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol ; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). |
| Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas de interpretación e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa . | Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.<br>Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.<br>Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. |
| Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa | Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.<br>Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a .<br>Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención , audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación . |
| Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias. | Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.<br>Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. |
| Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición |

| | |
|---|---|
| | |
| **Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.** | **Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.** |
| **Valorar , asimilar e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.** | **Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.**<br>**Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito escrito, con rigor e claridade.** |
| **Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música.** | **Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.** |
| **Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.** | **Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.** |
| | |

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br>- Análise de tarefas escritas e pequenos traballos de investigación.<br>Valoración da escoita, interpretación e recoñecemento dos elementos da linguaxe musical.<br>Observación do esforzo individual, do interese pola materia, do progreso e mellora.<br>Revisión da participación nos foros e da pertinencia dos comentarios.<br>- Valoración das entregas dentro dos prazos estipulados.<br>- Interpretación de repertorio para frauta con ou sen acompañamento.<br>Valoración do uso de dispositivos electrónicos, recursos de internet e manexo dentro da aula virtual.</td></tr>
<tr><td>In Instrumentos:<br>- Caderno do profesor.<br>- Fichas de recollida de información.<br>- Probas individuais de interpretación.<br>- Cuestionarios e tarefas escritas.<br>Audicións con preguntas.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>A cualificación final será a media entre as cualificacións da primeira e segunda avaliación . Todo o traballo desenvolvido a través da aula virtual servirá para subir a nota.</td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>O alumnado que resulte avaliado negativamente en xuño deberá presentarse a unha proba obxectiva escrita e práctica celebrar en setembro, na que entrará toda a materia dada durante o curso. A profesora poderá ademais fixar unhas tarefas ao alumno co fin de facilitar o seu aprobado, sendo estas de carácter obrigatorio.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación de materia pendentes</td><td>Criterios de avaliación:<br><br>Recolleranse traballos en cada avaliación os cales teñen que estar entregados para poder ter aprobado exame. De aprobarse non terán que ir á proba ordinaria de xuño.</td></tr>
<tr><td>Criterios de cualificación:<br>Os traballos terán que ser entregados nos prazos marcados e seguindo as pautas marcadas dende o departamento, que estará en todo momento á disposición do alumnado para concretar e axudar en todo o necesario, proporcionando se é necesario os materiais de apoio que se precisen.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br><br>- Valoración da calidade do traballo presentado .<br>- Seguemento das dificultades que se presenten.<br>Mantemento do contacto a través de correos electrónicos ou por outras medios que permitan a coordinación das entregas e a solución de dúbidas. |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | R Repaso dos elementos da linguaxe musical traballados na aula.<br>Reforzo dos contidos teóricos desenvolvidos ata o 14 de marzo.<br>Ampliación do repertorio de frauta, con temas axeitados aos diferentes niveis do alumnado. Traballando diferentes estilos musicais. |
| **Metodoloxía** | U A metodoloxía baseada na aprendizaxe significativo realízase desde un punto de vista global. As diferentes tarefas didácticas son elaboradas pola profesora tendo en conta as horas semanais da materia, a idade e os contidos progresivos que podemos acadar na situación actual .<br>R Rexeitouse a teoría excesiva, xa que todos os contidos se expoñen con claridade de forma esquemática, e dáse prioridade ás estratexias procedimentais e o desenvolvemento de actitudes. É dicir, á práctica activa da música e ao gozo da mesma desde as funcións de oínte e intérprete e crítico.<br>Así cada tarefa estará apoiada por material audiovisual e exercicios prácticos.<br>U A metodoloxía baseada na aprendizaxe significativo realízase desde un punto de vista global. As diferentes tarefas didácticas son elaboradas pola profesora tendo en conta as horas semanais da materia, a idade e os contidos progresivos que podemos acadar na situación actual .<br>R Rexeitouse a teoría excesiva, xa que todos os contidos se expoñen con claridade de forma esquemática, e dáse prioridade ás estratexias procedimentais e o desenvolvemento de actitudes. É dicir, á práctica activa da música e ao gozo da mesma desde as funcións de oínte e intérprete e |

| | |
|---|---|
| | crítico.<br>Aí Cada tarefa estará apoiada por material audiovisual e exercicios prácticos.<br>A Ao mesmo tempo que se desenvolven os temas teóricos se traballará a parte práctica, con contidos que traballen os obxectivos previstos:<br>Pr A práctica vocal: respiración, vocalización, colocación da voz, entoación.<br>Pr A práctica instrumental ; percusión corporal, percusión instrumental e frauta<br>O Seguiremos a traballar o aspecto interpretativo. Consiste na práctica musical vocal, instrumental e de movemento<br>-L A linguaxe musical ou sistema de códigos mediante os que representamos o son está presente como aspecto no desenvolvemento da musicalidade.<br>-A En lugar de libro de texto, terán apuntes feitos pola profesora, cos temas prácticos e as partituras.<br>N. Tentarase dar un enfoque divertido e lúdico co obxecto de facilitar de forma amena e fácil a comprensión da música en todos os seus aspectos, pero non está exento dunha seriedade na aprendizaxe.<br>D Debemos ter este principio básico como obxectivo e intentar que o noso alumnado adquira un hábito de traballo, unha aplicación do método e unha a disciplina. |
| **Materiais e recursos** | Partituras de diferentes estilos e dificultades.<br>Videos explicativos.<br>Audicións.<br>Aula virtual.<br>Xogos e actividades con autocorrección .<br>Material fotocopiado.<br>Frautas doces.<br>_<br>Todo tipo de recursos audiovisuais online. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Toda a información se expoñerá a través da aula virtual onde se farán as comunicacións colectivas ou individuais, no foro de novas ou a través do servicio de mensaxes. Tamén se manterá o contacto cas familias a través do centro, a tutoría e e as videoreunións co resto do profesorado. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |